Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

# RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO (OURENSE)

Promotor e órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2020AAE2466
Código web: 2328/2020

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

## ANTECEDENTES

1. O Plan básico autonómico de Galicia foi aprobado mediante o Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG do 27.08.2018).

2. O día 09.07.2020 a anterior Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático[1] recibiu un escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río* (en diante PBM), para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 22.07.2020 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do Informe ambiental estratéxico por un prazo de dous meses, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica e consultando ás administracións públicas afectadas.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o regulamento da dita Lei do solo.
2. Os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non conten con instrumento de planeamento xeral (artigo 63 da LSG). No mesmo artigo 63 da LSG e nos artigos 148 a 155 do RLSG especifícase o obxecto, determinacións e documentación que debe ter un plan básico municipal.

3. Os plans básicos municipais deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada segundo o disposto no artigo 46.2.c) da LSG. De acordo co disposto no artigo 75.3.b) da mesma LSG, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de dous meses.

4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente,ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

1 Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático polo Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve



CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

## 1. Características do plan

Ámbito de actuación: todo o territorio do termo municipal de San Xoán de Río.

Superficie: 6.112,27 ha.

Obxecto: preténdese dotar ao concello de San Xoán de Río dunha ordenación básica, que inclúe:

- A delimitación e categorización do solo dos núcleos rurais existentes;
- A delimitación e categorización do solo rústico derivando das afeccións contidas no Plan Básico Autonómico e conforme coas distintas normativas sectoriais;
- A regulación dos usos e actividades urbanísticas mediante o establecemento dunha normativa e ordenanzas da edificación e uso do solo;
- A definición do trazado da rede viaria actualmente existente e a sinalización das súas aliñacións;

Proposta: no documento ambiental estratéxico contémplanse tres alternativas posibles de ordenación, que son as seguintes:

- Alternativa 0: consiste en manter a situación actual de ausencia de planeamento, mantendo unicamente os proxectos de delimitación de solo de núcleo rural de Mouruás e Cerdeira. A delimitación de solos rústicos correspóndese á definida na normativa.
- Alternativa 1: consiste en recoller as delimitacións dos núcleos rurais e o solo rústico conforme as delimitacións das afeccións establecidas no Plan Básico Autonómico. Ademais, mellórase a delimitación do solo rústico de protección de augas por medio da incorporación de cartografía e información xeográfica da maior precisión espacial e máis actualizada, e tamén considéranse como solo rústico de protección de infraestruturas as liñas eléctricas de media tensión.
- Alternativa 2: consiste en recoller as delimitacións dos núcleos rurais e as afeccións sectoriais e as zonas de protección recollidas do Plan Básico Autonómico e reguladas pola respectiva normativa sectorial vixente. O solo rústico delimítase conforme as delimitacións das afeccións establecidas no Plan Básico Autonómico.

Das alternativas descritas anteriormente **optouse por desenvolver a número 1.**

A proposta clasifica como solo de núcleo rural 51 dos 59 asentamentos identificados no PBA, os restantes 8 asentamentos quedan en solo rústico. A proposta identifica como núcleo principal O Campo, onde se sitúa actualmente a casa consistorial, así como outros edificios administrativos e de servizos.

Non se delimitan ningún ámbito de solo urbano nin se prevé ningún novo desenvolvemento urbanístico residencial ou industrial, de xeito que as necesidades previstas polo plan son as mesmas que as actuais e seguirán resolvéndose cos medios existentes.

Respecto do solo rústico, a alternativa seleccionada opta por mellorar as delimitacións que recolle o PBA do solo rústico de protección de augas, patrimonial e de infraestruturas. O solo rústico de protección forestal está constituído polo monte veciñal en man común “Cerengo” (399,73 ha). O solo rústico de protección das augas (1.978,78 ha) completouse empregando cartografía máis actualizada e precisa que a contida no PBA. O solo rústico de protección de infraestruturas está constituído polas zonas de afección das estradas OU-536, OU-0705, OU-0706 e LU-P-5303, as zonas de afección xeradas polas redes de alta e media tensión, e a zona de afección dunha infraestrutura de

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

telecomunicacións de RETEGAL (343,28 ha). O solo rústico de protección paisaxística correspóndese coa área de especial interese paisaxístico "Val do Río Navea", AEIP 02-01 (242,14 ha). O solo rústico de protección patrimonial está constituído polo contorno de protección dos elementos identificados no PBA (371,50 ha). O resto do solo do municipio clasificouse como solo rústico de protección ordinaria.

| Clasificación e categorización do solo | Superficie (ha) |
|---|---|
| **Solo de núcleo rural** | |
| tradicional | 46,17 |
| común | 17,82 |
| **Solo rústico*** | |
| protección ordinaria | 3205,26 |
| protección forestal | 399,72 |
| protección paisaxística | 242,14 |
| protección das augas | 1978,78 |
| protección de infraestruturas | 343,28 |
| protección patrimonial | 371,50 |

** Non se contempla o posible solape das distintas categorías de solo rústico de especial protección, é dicir, non suman.*

A normativa reproduce as ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no PBA que resultan de aplicación para as clases e categorías de solo delimitadas no mesmo.

O catálogo inclúe o Ben de Interese Cultural (BIC) correspondente coa paisaxe cultural da Ribeira Sacra, dez elementos de interese arqueolóxico e catorce elementos de valor arquitectónico

## 2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello de San Xoán de Río atópase no borde norte da provincia de Ourense, na comarca de Terras de Trives. Limita cos concellos de Ribas de Sil ao norte, da Pobra de Trives ao leste, de Chandrexa de Queixa ao sur, e de Castro Caldelas ao oeste.

O termo municipal divídese en 9 parroquias e, segundo o PBA, conta con 59 asentamentos de poboación, 6 deles están incluídos na categoría de núcleos principais de "parroquias rurais" e os 53 restantes clasifícanse como "resto de asentamentos". A poboación municipal de San Xoán de Río é de 531 habitantes (INE 2019). A tendencia demográfica dos últimos 10 anos é regresiva. O crecemento de vivendas entre o ano 1.991 e o 2.019 foi do 15,3 %. No período estival a poboación multiplícase debido á chegada de xente orixinaria do concello pero que emigrou a outros lugares. A actividade económica do municipio está dominada polos sectores primario (58,1%) e terciario (30,2%).

A rede fluvial encádrase dentro da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. O curso máis destacado é o río Navea, que limita o concello polo sueste e verte as súas augas no río Bibei, afluente do río Sil. Os restantes leitos verten as súas aguas cara o río Navia ou cara o río Sil. Non se identificaron áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI).

No concello de San Xoán de Río non hai ningún espazo natural incluído na Rede Natura 2000. No entanto, ao sur identifícase a paisaxe protexida Val do Río Navea, pertencente á Rede galega de espazos protexidos. Este ámbito coincide coa área de especial interese paisaxístico AEIP-02-01 Val do Río Navea, recollida no Catálogo das paisaxes de Galicia, que tamén sitúa a San Xoán de Río na grande área paisaxística Serras Surorientais, na comarca paisaxística Terra de Trives.

O Inventario de humidais de Galicia inclúe o Encoro das Guistolas, situado no borde sur do concello. A metade leste e o extremo noroeste do termo municipal inclúense dentro das a áreas prioritarias

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión[2]. O concello sitúase dentro da área de distribución potencial do sapoconcho (*Emys orbicularis L.*), especie que conta cun plan de recuperación en Galicia[3].

Respecto do patrimonio cultural, unha parte da zona norte do termo municipal está incluída dentro da delimitación do ben de interese cultural (BIC) Ribeira Sacra coa categoría de paisaxe cultural, que cataloga dentro do termo municipal a Mámoa das Mamas 1, a Mámoa das Mamas 2, a Mámoa de Areal e a Igrexa de Santa María de Vilardá. Nas zonas poboadas pódense atopar exemplos de arquitectura tradicional e etnográfica de interese.

Segundo a información do PBA, ao nordeste do concello localízanse terreos que forman parte do monte veciñal en man común denominado Monte Cerengo.

Entre as infraestruturas de comunicación viarias destacan a estrada autonómica OU 536 (Ourense - A Pobra de Trives) e as estradas provinciais LU P5301 (San Clodio – Alto da Cruz de Moa) e LU P5303 (Ribas de Sil – Castro Caldelas).

Segundo a información que proporciona o borrador, a rede municipal de abastecemento dá servizo a 4 asentamentos de poboación e as redes veciñais subministran auga a 22 asentamentos. A rede de saneamento dá servizo a un total de 22 entidades de poboación e tamén existen 17 fosas sépticas, todas elas de titularidade e xestión municipal. O resto de entidades de poboación teñen saneamento autónomo. O concello carece de estación depuradora de augas residuais.

## 3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

| | Resposta | Sen resposta |
|---|---|---|
| Confederación Hidrográfica do Miño-Sil | | x |
| Augas de Galicia | x | |
| Instituto de Estudos do Territorio | x | |
| Dirección Xeral de Patrimonio Cultural | x | |
| Dirección Xeral de Patrimonio Natural | x | |
| Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal | x | |
| Dirección Xeral de Defensa do Monte | | x |
| Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural | x | |
| Axencia Galega de Infraestruturas | x | |
| Dirección Xeral de Enerxía e Minas | x | |
| Dirección Xeral de Mobilidade | x | |
| Concello de San Xoán de Río | | x |

Asemade, o borrador do PBM mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados durante dous meses na páxina web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental.

2 Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

3 Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis L.*).

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O promotor deberá considerar na elaboración do planeamento as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que as delimitacións dos núcleos rurais axústanse en xeral ás áreas consolidadas por edificacións, respectando as zonas agrícolas ou forestais da contorna. Porén, sinala que nalgúns casos as delimitacións propostas supoñen a ampliación do núcleo rural, provocando alteracións na morfoloxía compacta do asentamento tradicional.

Así ocorre no núcleo de Mouruás, cuxa delimitación debería concentrarse ao oeste da estrada que o bordea, evitando a expansión do núcleo cara á outra beira da vía, o cal podería provocar efectos negativos na paisaxe rural, tendo en conta a proximidade deste asentamento ao solo rústico de protección paisaxística determinado pola AEIP-02-01 Val do Río Navea. No caso do núcleo rural do Campo/Cerniza a delimitación provoca unha extensión do núcleo ao longo da estrada OU-0705 cara ao sur, aparecendo novas parcelas edificables abranguendo terras de labor nunha zona de ladeira con pendente cara ao oeste, o que pode dar lugar a impactos na paisaxe. Así mesmo, a ampliación proposta provoca a fusión nun único agregado dunha estrutura tradicional de carácter binuclear, como ocorre en San Silvestre. Esta disposición estaría condicionada probablemente pola presenza do río de Sas de Penelas que discorre entre os dous asentamentos e que xustificaría, polo tanto, manter a franxa de solo rústico de protección de augas nestes terreos libres de edificacións, dando continuidade ao corredor natural do curso fluvial.

Indica que os muros tradicionais, xunto con outros elementos construídos e naturais (como fontes, lavadoiros, canles, pavimentos, árbores ou sebes singulares) son elementos moi importantes na conformación da paisaxe propia e característica dos núcleos e do medio rural de Galicia. Por conseguinte, é necesario que o PBM os identifique para a súa oportuna protección, ou como mínimo que as súas determinacións non provoquen a súa desaparición ou deterioro.

Informa de casos onde as aliñacións do viario grafadas nos planos de ordenación dos núcleos rurais non respectan os muros de pedra existentes, e por conseguinte poden dar lugar á súa desaparición, o que pode ser un efecto negativo para a paisaxe. Indica que a ordenación debería axustarse aos citados muros tradicionais e detalla unha serie de medidas que van na liña de axustar as aliñacións do viario ás trazas dos muros de pedra existentes, respectar o lado do camiño onde existe un muro incrementando a sección -de ser necesario- pola outra beira, e incluír os muros no catálogo do PBM, en congruencia co seu valor cultural e paisaxístico.

Ademais, fala da oportunidade de catalogar outras construcións tradicionais de interese, fundamentalmente vivendas e edificios auxiliares. Deberían adoptarse as medidas necesarias para identificar todos estes bens, polo seu valor cultural e paisaxístico, que contribúe de maneira insubstituíble na conformación do carácter das aldeas, e para evitar a súa perda ou deterioro.

Conclúe que o PBM non terá unha repercusión significativa sobre a paisaxe respecto do estado actual de regulación no municipio. Os efectos que pode producir poden ser positivos, na medida en que se concreta unha ordenación para os usos e as construcións, pero algunhas das súas determinacións poden mellorarse coas medidas contidas no informe.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Informa que, entre os traballos previos á redacción do PBM, está a identificación de todos os bens do patrimonio cultural situados dentro do termo municipal, en especial do patrimonio vernáculo e da arquitectura tradicional. Informa que unha parte da zona norte do termo municipal está incluída dentro da delimitación do BIC “Ribeira Sacra” coa categoría de paisaxe cultural. Sinálanse unha serie de

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

mámoas que veñen recollidas na relación dos bens inmobles clasificados na paisaxe cultural en San Xoán de Río.

O PBM incluirá necesariamente no seu catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural situados no ámbito territorial que desenvolvan. Sinala que no artigo 2 das normas de protección do catálogo faise alusión a tipoloxías edificatorias de interese (lavadoiros, vivendas de tipoloxía tradicional, muíños, etc.) que polos seus valores arquitectónicos ou culturais merecen ser conservados e legados ás xeracións futuras, no entanto, no listado de bens arquitectónicos catalogados unicamente inclúe edificios de carácter relixioso e unha ponte.

Lembra os criterios para a delimitación do ben e o seu contorno de protección, así como a información que debe conter as fichas do catálogo. Indica dunha serie de erros que se deben de corrixir das fichas. Tamén informa dalgunhas cuestións que deben completarse na normativa, relacionadas con non deixar os bens catalogados na categoría de fóra de ordenación, co contido das fichas e coa redacción dunha ordenanza específica para a protección integral de xacementos dentro de núcleo rural e urbano.

Respecto do réxime de autorizacións, lembra que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, e propón unha nova redacción para o punto 5 do artigo 6 das normas de protección.

Deberanse eliminar as determinacións que outorgan protección ambiental aos elementos incluídos nos contornos de protección dos elementos catalogados, xa que non son acordes coa LPCG. Completarase o artigo 9.2 sobre medidas de harmonización nos contornos de protección coas esixencias dos artigos 45, 46 e 47 da LPCG. Así mesmo, para aqueles bens do patrimonio cultural, en particular os bens etnolóxicos que non estean recollidos no catálogo, incluirase un artigo no que se recoñeza o seu valor cultural e a súa protección xenérica por aplicación da LPCG.

Sinala que, dada a especial importancia do BIC Ribeira Sacra, deberase incorporar na normativa a súa regulación recollida no seu decreto de declaración, ou, cando menos, o réxime de protección establecido. Informa das actuacións que non requiren autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na paisaxe cultural, así como das condicións adicionais para as novas construcións nos ámbitos de muros e socalcos tradicionais da paisaxe cultural.

En canto á ordenación, a planimetría debe representar con claridade a delimitación dos bens do patrimonio cultural e o seu contorno de protección, xunto co código de identificación que se lle teña asignado no catálogo. Será nas fichas do catálogo onde se precise a información específica de cada un dos bens. Respecto da clasificación, lembra que só se deberán clasificar como solo rústico de protección patrimonial a zona de protección integral dos xacementos arqueolóxicos localizados en solo rústico; polo que deberá xustificarse a aplicación desta clasificación a outros ámbitos de solo rústico. Considera que a superficie de solo clasificada como solo rústico de protección do patrimonio nos planos de ordenación é excesiva e non se xustifica, polo que deberá modificarse.

A modificación das aliñacións existentes dentro dos núcleos rurais é especialmente importante, posto que desvirtúa a súa estrutura orixinal, polo que deberase corrixir as aliñacións propostas. Así mesmo, deberanse representar correctamente os bens do patrimonio cultural e o seu contorno de protección, de xeito que se poida comprobar que non quedan fóra de ordenación.

Tamén recolle unha serie de determinacións a ter en consideración nos núcleos rurais tradicionais, co fin de manter a súa morfoloxía e estrutura orixinais.

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Informa dos espazos naturais protexidos, hábitats e valores naturais que afectan ao concello. As puntualizacións realizadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense que, en resumo, se refiren á integración doutros Plans específicos vixentes, así como aos usos e actividades que non se

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

poderán realizar nestes ámbitos, como acumulación de entullos ou verteduras. Ademais, establece consideracións sobre a correcta xestión de residuos, sobre o emprego preferente de especies autóctonas -en ningún caso especies exóticas invasoras-, sobre o reciclaxe no movemento de terras e sobre a xestión dos restos vexetais.

Conclúe que non é previsible que o PBM xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, e se teña en conta as observacións realizadas polo Servizo provincial, así como unha serie de consideracións que detallan no informe. Estas indican que na Paisaxe Protexida seguiranse as directrices da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia. Tamén se deberá garantir a conservación das representacións dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes no concello. Así mesmo, verificarase que tanto os ríos como a súa vexetación de ribeira, quedan incluídos nalgunha categoría de solo rústico que garanta a súa protección. Por último, nos ámbitos potenciais para *Emys orbicularis* teranse en conta as determinacións do seu Plan de recuperación.

Independentemente, sinala que esta Dirección Xeral informará, e de ser o caso autorizará, todas aquelas actuacións que desenvolvan ao presente PBM e que poidan afectar, de forma directa ou indirecta, aos valores naturais descritos.

Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

A Xefatura Territorial do Servizo de Montes informa que non se afectan montes de utilidade pública nin montes protectores. Sinala que existe un monte veciñal en man común que totaliza unha superficie de 280 ha, a comunidade propietaria está constituída polos veciños da parroquia de Cabanas, sendo a restante superficie forestal do concello privada particular.

Lembra que, ante a posibilidade de edificar en parcelas próximas a masas forestais existentes, e considerando as distancias que se deben gardar segundo lexislación sectorial, non se deberá supor unha carga para os terreos forestais lindeiros con estas parcelas. De igual xeito, a cualificación do solo establecida polo plan en terreos forestais ou limítrofes, non debera condicionar o aproveitamento forestal tradicional.

En base ao anterior, e desde as competencias relacionadas co interese ou valor forestal dos montes, informa favorablemente o plan.

Axencia Galega de Infraestruturas

Informa que a estrada de titularidade autonómica OU-536 Ourense - A Pobra de Trives (OU-636) discorre polo ámbito. Anéxanse ao informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario. Así mesmo, especifícase aqueles supostos nos que poderán admitirse reducións extraordinarias das distancias indicadas.

Indica que a documentación presentada non recolle as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. No documento deberase incluír na normativa as limitacións de uso derivadas do ruído que se recollen no informe.

Sinala que o plan adaptarase aos proxectos de trazado, anteproxectos, proxectos de construción e aos proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esta Axencia.

Augas de Galicia

Informa que non se entran a considerar aspectos relacionados co dominio público hidráulico, posto que estes deben ser valorados polo organismo de bacía correspondente. Así mesmo, sinala que a subministración de auga, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais é responsabilidade

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

das entidades locais. Recomenda o uso das Instrucións técnicas para obras hidráulicas de Galicia para a definición das características dos elementos dos sistemas de abastecemento e saneamento.

No relativo ao abastecemento de auga potable, remite á información dispoñible en Augas de Galicia é a recollida no Plan Auga. Sinala que as solucións de abastecemento á poboación que se propoñan deberán ser compatibles cos obxectivos deste plan, debéndose xustificar e apoiar nos estudos específicos necesarios as solucións alternativas. Calquera novo dato que desde o concello se remita neste sentido será incorporado aos inventarios existentes en Augas de Galicia.

En canto ao saneamento e depuración de auga, indica que se velará porque todas as aglomeracións urbanas dispoñan de sistemas colectores para as augas residuais e porque as que entren nos sistemas de saneamento estean suxeitas ao tratamento que corresponda de acordo ao tamaño da aglomeración e ás características do medio receptor, e coas especificacións definidas para as augas residuais industriais. Ademais, deberán cumprirse os requirimentos do Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

Servizo de Infraestruturas Agrarias

Informa que o ámbito do plan non está afectado por concentración parcelaria, sendo así, a preservación dos resultados dun proceso concentrador non se verían prexudicados coa execución do PBM.

Dirección Xeral de Mobilidade

Informa que o PBM terá en conta as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de xeito que as persoas con mobilidade reducida vexan facilitado ao máximo o acceso directo aos espazos públicos e ás edificacións públicas e privadas, de acordo coa normativa vixente nesta materia. Ademais, de forma complementaria, será de obrigado cumprimento a lexislación estatal que regula as condicións básicas en materia de accesibilidade.

Dirección Xeral de Enerxía e Minas

Informa dos dereitos mineiros existentes no concello.

Particular alude ao posible aumento da capacidade de demanda de abastecemento e á necesidade de estudar a existencia de zonas inundables.

## 4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O plan básico municipal pretende dotar ao concello de San Xoán de Río dunha ordenación básica que inclúe delimitar os núcleos rurais existentes, así como categorizar o solo rústico do municipio conforme ás delimitacións das afeccións establecidas no PBA.

Non se proxectan novos desenvolvementos residenciais ou industriais nin ningún tipo de nova infraestrutura que impliquen a ocupación de novo solo, a utilización de novos recursos ou a xeración de nova mobilidade. Así, o PBM non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados, nin inflúe noutros plans ou programas.

Os efectos derivados do desenvolvemento do plan poden resultar positivos, na medida en que se concretan ordenanzas para os usos e as construcións en todo o territorio municipal. No entanto, a normativa do plan consiste nunha réplica das ordenanzas recollidas no PBA, sen integrar as particularidades e características específicas do concello.

En xeral, a delimitación dos núcleos minimiza a ocupación do solo produtivo da contorna e, polo tanto, contribúe á preservación da paisaxe rural. Porén, nalgúns casos, a súa expansión podería provocar certa afección. Por exemplo, no caso de Mouruás -pola súa proximidade á Area de especial interese

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

paisaxístico do Val do río Navea- no núcleo de Campo/Cerniza, que crece ao longo da estrada OU-0705, ou en san Silvestre, que acolle parcelas vacantes sobre o corredor do río de Sas de Penelas.

Así mesmo, obsérvase que algunhas aliñacións do viario poden desvirtuar a súa estrutura orixinal, deixar elementos de interese fóra de ordenación, ou non respectar os muros de pedra existentes. Estes efectos sobre o patrimonio cultural e a paisaxe son de escasa magnitude e poden mitigarse seguindo as suxestións dos informes achegados.

Á vista do exposto, e atendendo ás funcións e determinacións que a lexislación vixente asigna aos plans básicos municipais, non se esperan efectos significativos sobre o medio. Se ben -para favorecer a integración paisaxística e a protección do patrimonio cultural e natural- debe valorarse incorporar á proposta as medidas recollidas nos informes de consultas recibidos e adaptar as ordenanzas do plan ás características específicas do concello.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río,* ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente. No entanto, para favorecer a sustentabilidade ambiental da proposta, establécense a seguinte determinación:

- Categorizarase como solo rústico de protección de espazos naturais o ámbito territorial inserido na paisaxe protexida "Val do Río Navea", espazo pertencente á Rede galega de espazos protexidos, sen prexuízo de atribuírlle outras categorías complementarias de solo rústico.
- O plan velará pola preservación dos muros de pedra tradicionais a través da súa identificación e, cando corresponda, a súa oportuna protección. Neste sentido, revisarase a proposta de aliñacións en núcleos rurais co fin de respectar eses elementos de valor etnográfico. Así mesmo, valorarase revisar a delimitación dos núcleos rurais cuxa expansión poda afectar á actual configuración da paisaxe.
- Deberíase adaptar a normativa do PBM ás características particulares do concello.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas
Margarita Segade Castro

---

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o** *Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río.* Porén, para mellorar a sustentabilidade ambiental do planeamento teranse en conta as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal); remitirase ao promotor, xunto á copia das observacións recibidas na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do plan.

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: Ak1Pl4AbN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o plan no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
María Sagrario Pérez Castellanos

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:31:05

**CVE:** PMmtvzBTy1
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

**CVE:** Ak1Pl4AbN1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

# INFORME
# A/32/25700

**Asunto:** Informe de respuesta a la consulta sobre Evaluación Ambiental Estratégica Simplificada del Plan: "Plan Básico Municipal del Municipio de San Xoán de Río", T.M: San Xoán de Río (Ourense) Código: 2328/2020

**Peticionario:** Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas. Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.

## I. ANTECEDENTES

Con fecha de Registro de entrada 27/07/2020 Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas de la Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de la Xunta de Galicia solicita informe a esta Confederación Hidrográfica dentro del trámite de consultas previas del procedimiento de Evaluación Ambiental Estratégica Simplificada para el asunto referido en el encabezamiento.

Junto con la solicitud de informe se aporta la siguiente documentación:

- Plan Básico Municipal de San Xoán de Río.
- Documento Ambiental Estratégico.

Conforme a lo anterior, se procede a la emisión del informe ambiental correspondiente al que hace referencia el artículo 30 de la ley 21/2013, de 9 de diciembre, de Evaluación Ambiental.

## II. LOCALIZACIÓN DEL PROYECTO Y AFECCIONES EN LA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL.

Consultados la cartografía ofrecida por el visor del Sistema de Información sobre el Agua del Miño-Sil (SIAMS) y todos los antecedentes mencionados en el Apartado I del presente informe ambiental, la explotación minera actual afecta a los siguientes elementos de la hidrografía:

**Cauces:**

Ocupación del dominio público hidráulico y las zonas de servidumbre y policía de los ríos: río de Castoi río das Cabanas, río de San Fitorio, río Návea, regueiro de Teixeira, regueiro do Pilar, arroyo de la Curz, barranco de Iglesia, río Sal de Penelas, río Ferreiros, regato da Tapada Grande, regato do Abelaido, regato do Couso, regato do Oureiro, regato Lentellas, regueiro de Castromao y otros 37 cauces innominados. Además al sur del término municipal se encuentra el embalse de Guistolas (Ver Plano 1: Localización).

*comisaria.aguas@chminosil.es*

RÚA DO PROGRESO, 6
32005 OURENSE
TEL.: 988 366 180
FAX: 988 366 175

Código seguro de Verificación : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:31:05

**CVE:** PMmtvzBTy1
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

**CSV : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5**
**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm**
**FIRMANTE(1) : MARIA ESTHER DE CASTRO ARRIBA | FECHA : 04/11/2020 07:18 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/2020 07:18**
**FIRMANTE(2) : DIEGO FOMPEDRIÑA ROCA | FECHA : 04/11/2020 14:39 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/2020 14:39**
**FIRMANTE(3) : XOAN CARLOS NÓVOA RODRIGUEZ | FECHA : 04/11/2020 20:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/20 20:42**

Código seguro de Verificación : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Zonas protegidas:**

Según el mencionado visor SIAMS, en el término municipal de San Xoán de río existen varios cauces catalogados como zona protegida "tramo de protección o mejora para la vida de los peces" además de "tramo de aguas destinadas a producción piscícola" El embalse de Guistolas está catalogado como zona protegida "zona húmeda" y existen varias captaciones de abastecimiento de agua.

## III. CONCLUSIONES

Visto el contenido del informe emitido por el Ingeniero adscrito a la empresa MS INGENIEROS S.L., que presta apoyo técnico a la Comisaría de Aguas, se entiende que procede concluir lo siguiente:

### 1. Disponibilidad de recursos hídricos

a. De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 25.4 de la Ley de Aguas (Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas):

- Se deberá reflejar de manera precisa (memoria y cartografía) el origen del agua para abastecimiento del ámbito de actuación, reflejando las concesiones de aprovechamiento de aguas otorgadas para el abastecimiento de dicho ámbito, indicando número de expediente de concesión, caudal concedido y caudal realmente consumido conforme a lo dispuesto en la Orden ARM/1312/2009, de 20 de mayo, por la que se regulan los sistemas para realizar el control efectivo de los volúmenes de agua utilizados por los aprovechamientos de agua del dominio público hidráulico, de los retornos al citado dominio público hidráulico y de los vertidos al mismo, debiendo procederse a la legalización de estas captaciones en caso de no disponer de la oportuna concesión.

- Se deberá reflejar la previsión de consumo para los distintos usos conforme a lo dispuesto en el APÉNDICE 8. DOTACIONES DE RECURSOS SEGÚN USOS del Anexo III del Real Decreto 1/2016 por el que se aprueba el Plan Hidrológico de la Demarcación Hidrográfica Miño-Sil.

- En caso de que las captaciones actuales no tengan capacidad suficiente para el desarrollo del planeamiento objeto de este informe podrán proponerse nuevas captaciones. Estas deberán ajustarse a la previsión de consumo aportada en el apartado anterior. Las captaciones propuestas o la modificación de las existentes serán objeto de informe por parte de este Organismo de cuenca con el fin de comprobar su viabilidad.

b. Asimismo, se deberá tener en cuenta para el ordenamiento de los distintos tipos de suelo el artículo 8. Orden de preferencia entre diferentes tipos de usos y aprovechamientos, que establece un orden de preferencia entre los diferentes usos de agua contemplados, de modo que se da prioridad al uso destinado a abastecimiento, usos ambientales, usos agropecuarios, usos industriales de producción energética, otros usos industriales, acuicultura, usos recreativos, navegación y otros usos no ambientales. A su vez, el artículo 16. Dotaciones, según el anexo IV y el apartado 3º de la Instrucción de





Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CSV : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : MARIA ESTHER DE CASTRO ARRIBA | FECHA : 04/11/2020 07:18 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/2020 07:18
FIRMANTE(2) : DIEGO FOMPEDRIÑA ROCA | FECHA : 04/11/2020 14:39 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/2020 14:39
FIRMANTE(3) : XOAN CARLOS NÓVOA RODRIGUEZ | FECHA : 04/11/2020 20:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/20 20:42

Código seguro de Verificación : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Planificación Hidrológica, determina las dotaciones establecidas para cada uno de los usos que figuran relacionados en el artículo 8 y capítulo 3 del Plan Hidrológico Miño-Sil (RD 1/2016).

c. En todo caso, se recuerda que, en base a lo dispuesto en el artículo 52.1 del Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas, *"El derecho al uso privativo, sea o no consuntivo, del dominio público hidráulico se adquiere por disposición legal o por concesión administrativa"*. En relación con el agua que pudiera ser necesaria para la realización del plan (v.g. derivaciones de agua de carácter temporal del artículo 77 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico), deberá darse cumplimiento a lo dispuesto en este mismo artículo. Asimismo, se informa que, en virtud de lo dispuesto en los artículos 50.4, 54.1 y 59.2 del TRLA, "*la Ley no ampara el abuso del derecho en la utilización de las aguas"* y "*las concesiones se otorgarán teniendo en cuenta la explotación racional conjunta de los recursos superficiales y subterráneos*", por lo que, en caso de que existiese red de abastecimiento municipal y disponibilidad de suministro de los caudales necesarios para la actividad desde la misma, deberán de conectarse a ella previa autorización del Ayuntamiento. En caso de que no existiese viabilidad de suministro, se acreditará dicha circunstancia mediante certificado del Ayuntamiento de la imposibilidad de abastecimiento desde la red pública municipal.

d. Deberá incluirse en la normativa derivada de esta planificación, con carácter vinculante, que todos los nuevos desarrollos residenciales e industriales deberán disponer de un sistema de abastecimiento que cuente con la correspondiente autorización de aprovechamiento de aguas del Organismo de cuenca para la obtención de la correspondiente licencia de obra. No obstante, si la conexión fuera a redes de abastecimiento preexistentes ya autorizadas y con capacidad suficiente de recurso, será el Órgano titular de dicho abastecimiento el encargado de otorgar dicha autorización.

## 2. Vertidos

a. Con respecto a las obras que se planifican para la adecuación del ámbito de actuación y con los nuevos usos previstos se recuerda que, según el artículo 100.1 del Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas, *"[…] queda prohibido, con carácter general, el vertido directo o indirecto de aguas y de productos residuales susceptibles de contaminar las aguas continentales o cualquier otro elemento del dominio público hidráulico, salvo que se cuente con la previa autorización administrativa"*.

b. En relación con los vertidos:

- Se deberá indicar la previsión del caudal de aguas residuales generado por el Plan Básico Municipal del Municipio de San Xoán de Río teniendo en cuenta los resultados del punto anterior (**¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.**. **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.**).

- Deberá adjuntarse además, justificación en la que se garantice que las instalaciones de depuración previstas podrán, además de admitir con garantías las aguas residuales de la modificación propuesta, cumplir las normas de calidad de las aguas del medio receptor al objeto de dar cumplimiento a las condiciones impuestas por los artículos 245 y siguientes del Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, que desarrolla los títulos preliminar " IV, V, VI Y VII de la Ley 29/1985, de 2 de agosto, de Aguas (en adelante, RDPH).

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05





CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CSV : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm
FIRMANTE(1) : MARIA ESTHER DE CASTRO ARRIBA | FECHA : 04/11/2020 07:18 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/2020 07:18
FIRMANTE(2) : DIEGO FOMPEDRIÑA ROCA | FECHA : 04/11/2020 14:39 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/2020 14:39
FIRMANTE(3) : XOAN CARLOS NÓVOA RODRIGUEZ | FECHA : 04/11/2020 20:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 04/11/20 20:42

Código seguro de Verificación : GEN-d988-ba6c-898c-8254-1c8d-e00e-6d99-d2d5 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

- En caso de no tener capacidad suficiente la red de saneamiento o las instalaciones de depuración existentes, deberá aportarse en lo que competa a este Organismo de cuenca:

    i. La documentación necesaria para definir las futuras instalaciones de depuración. Se deberán ajustar a la previsión del caudal de aguas residuales generado por el desarrollo urbanístico.

    ii. El tipo de evacuación del vertido.

    iii. Tipo de red (unitaria o separativa).

    iv. Punto de vertido con coordenadas (X, Y).

O dito BIC inclúe como bens de interese cultural integrantes da paisaxe cultural da Ribeira Sacra unha relación de inmobles do patrimonio cultural que se recollen no anexo I dese decreto, dos cales ningún está situado dentro do termo municipal de San Xoán de Río

Ademais, o BIC Ribeira Sacra inclúe como bens catalogados os recollidos no anexo II do Decreto 166/2018. En concreto, no anexo II.12 relaciónanse os bens inmobles clasificados na paisaxe cultural en San Xoán de Río (Mámoa de As Mamas 1, Mámoa de As Mamas 2, Mámoa de Areal e Igrexa de Santa María de Vilardá).

### 1.2. O Catálogo

O art. 35 da LPCG indica que os instrumentos de planeamento urbanístico incluirán necesariamente no seu Catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural situados no ámbito territorial que desenvolvan, no momento da aprobación inicial da figura de planeamento.

O catálogo proposto inclúe un ben "de tipo paisaxístico": a Ribeira Sacra (1-001). Ademais, catalóganse 10 xacementos arqueolóxicos e 14 bens de tipo arquitectónico.

No artigo 2 das Normas de Protección (carpeta 05.CAT) do Catálogo afírmase que "as fichas que acompañan este Catálogo fan alusión tanto a elementos individuais (edificios e construcións singulares e senlleiras) como a tipoloxías edificatorias de interese (lavadoiros, vivendas de tipoloxía tradicional, muíños, etc.) que polos seus valores arquitectónicos ou culturais merecen ser conservados e legados ás xeracións futuras. Uns e outros, con independencia da súa protección individual ou xenérica, gozan de idéntico nivel de protección". Se ben, o listado de bens arquitectónicos catalogados unicamente inclúe edificios de carácter relixioso e unha ponte.

Cómpre lembrar que a delimitación dos bens catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado, polo que, con carácter xeral, deberá recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e os elementos que lle sexan propios. Toda vez delimitado o ben catalogado, deberase definir o seu contorno de protección que abranguerá os espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo[3]. Tanto os bens catalogados como o seu contorno de protección, deberán representarse correctamente nos planos de ordenación do PBM.

O contorno de protección dos bens de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Esta delimitación deberá establecerse en base ao estudo do contorno do ben, seguindo as pegadas físicas existentes no territorio próximo, como límites de parcelas, camiños, muros ou cómaros.

As fichas do Catálogo deberán cumprir ás esixencias da normativa vixente:

- Incluirase a clasificación de cada un dos bens, segundo o establecido no artigo 8 da LPCG, no que se establece que os bens poderán clasificarse como bens de interese cultural ou catalogados.

1 Artigo 1.2 da LPCG
2 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181231/AnuncioG0535-281218-0001_gl.html
3 Artigo 12.2 da LPCG



Xacobeo 2021

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: EwquCDbHF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
Fax: 981 544 830



Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

- Engadirase en cada ficha a categoría do ben inmoble, segundo o establecido no artigo 10 da LPCG.
- En aplicación do capítulo V do título I da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración urbanas de Galicia (en diante LRRR), describiranse os valores culturais que xustifican a súa catalogación e o nivel de protección asignado, así como os materiais, sistemas construtivos, elementos e características singulares especificamente protexidos e que, polo tanto, deben ser de obrigada conservación.

As fichas presentadas non cumpren coas anteditas esixencias, en concreto cómpre sinalar os seguintes erros:

- Os planos das fichas non teñen unha lenda que facilite a súa interpretación (identificarase que grafía se corresponde co ben protexido e cal co contorno de protección). Ademais, os diferentes sombreados e tipos de liña se superpoñen, polo que se dan situacións confusas como que desapareza un sombreado por ter outro superposto ou que se confundan dúas liñas diferentes con tons de marrón moi similares.
- No apartado de identificación do elemento, inclúese un epígrafe denominado "clave" que, tras o análise das fichas, vemos que fai referencia ao código asignado aos bens arqueolóxicos e, no caso do Camiño de Santiago, ao seu código BIC. Sería aconsellable simplificar este apartado, quedando o elemento identificado coa súa denominación e un código alfanumérico individualizado e, para o patrimonio arqueolóxico, ampliar esta información co seu código correspondente (GA).
- Todas as fichas contarán con suficientes fotografías identificadoras do ben a que se refiren.
- Naqueles casos en que nunha mesma ficha se inclúan varios elementos, deberase especificar na descrición, así como sinalar o nivel de protección aplicable a cada un. Estas fichas deberán descompoñerse en "subfichas" específicas para cada elemento, nas que se recollan os seus datos característicos, en especial o nivel de protección e as medidas específicas para a súa conservación e protección. Ademais, deberanse incorporar á ficha fotografías de todos os elementos.
- O plano achegado nas fichas deberá tomar como base os planos de ordenación do PBM, podendo eliminar aquela información sobre outras afeccións que poida ser superflua no que respecta á afección ao patrimonio cultural. Ademais, deberase incluír o parcelario, xa que é unha información relevante á hora de delimitar os bens e os seus contornos de protección.
- A delimitación da Ribeira Sacra na ficha (1-001) é inintelixible debido á grande escala do plano. Deberíase limpar o plano de capas de información innecesarias para poder identificar a delimitación e ademais, incluír fotografías representativas de cada zona.

  A ficha 1-001 BIC Ribeira Sacra remite no seu apartado de Actuacións autorizables ao "*réxime de protección da paisaxe cultural de acordo co Anexo VI da lei 166/2018, do 27 de decembro, da paisaxe cultural de Ribeira Sacra*." Corrixirase a denominación de lei pola de Decreto (como se recolle no apartado de descrición da dita ficha).
- Os criterios para a delimitación dos contornos de protección recóllense na LPCG. A representación dos contornos de protección nas fichas do Catálogo e nos planos de ordenación é confusa, xa que o sombreado se superpón coa información da clasificación do solo e, en moitos casos, desaparece. O sombreado que o PBM aplica aos contornos de protección é o correspondente ao solo de especial protección do patrimonio, o que non é correcto. Deberase corrixir este aspecto para evitar confusións, xa que a clasificación como solo rústico de especial protección do patrimonio de todos os contornos de protección non está xustificado e é excesivamente restritivo.
- Cómpre lembrar que, de xeito xeral, a clasificación do solo rústico de especial protección do patrimonio aplícase unicamente á área de protección integral dos xacementos arqueolóxicos, non ao seu contorno de protección. De xeito particular, cando un xacemento se localice nun núcleo rural ou en solo urbano, a súa área de protección integral terá a clasificación de solo de núcleo rural ou solo urbano, segundo corresponda, e redactarase unha ordenanza específica para esa área que recolla as condicións establecidas no capítulo IV do título VII da LPCG, relativo aos bens que integran o patrimonio arqueolóxico.

## 2. NORMATIVA DE PROTECCIÓN

### 2.1. Normativa xeral

O volume de Normativa Urbanística do PBM (carpeta 06.NU), recolle no seu Anexo a *Reprodución das ordenanzas do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, 27.08.2018), que resultan de aplicación no Concello de San Xoán de Río*. Ou ben no Título IV: *Afeccións derivadas da normativa sectorial* do dito Anexo, ou nas Normas de Protección (carpeta 05.CAT) do Catálogo, deberá recollerse que:

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: EwquCDbHF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Xacobeo 2021

- Os bens incluídos no Catálogo, con independencia da ordenación que lles afecte, non quedarán en ningún caso suxeitos ao réxime de fóra de ordenación, sen prexuízo de que os engadidos que presenten e que os desvirtúen, queden fóra de ordenación.
- As determinacións que conteñen as fichas do catálogo teñen carácter normativo e constitúen, xunto co apartado de protección do patrimonio cultural, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural establecido polo plan.
- De existir xacementos localizados nun núcleo rural ou en solo urbano, a súa área de protección integral terá a clasificación de solo de núcleo rural ou solo urbano, segundo corresponda, e redactarase unha ordenanza específica para esa área que recolla as condicións establecidas no capítulo IV do título VII da LPCG, relativo aos bens que integran o patrimonio arqueolóxico.

### 2.2. Réxime de autorizacións

As Normas de Protección do Catálogo establecen no punto 5 do artigo 6, relativo á protección integral dos bens catalogados, que "*o Departamento Municipal responsable do Patrimonio Cultural, en coordinación co Departamento de Urbanismo, emitirá, en todo caso, un informe vinculante que formará parte de cada un dos expedientes de licenza de obra maior ou menor dos inmobles incluídos no devandito contorno de protección. A estes efectos, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia poderá exercer de organismo consultivo*." Cómpre lembrar que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia[4] e que as distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme o establecido na LPCG.

Deberase eliminar o anterior parágrafo da normativa e substituílo por unha determinación axustada ás esixencias da normativa vixente (artigos 34, 39, 45 e 65 da LPCG). Pode considerarse a seguinte proposta para a nova redacción: *As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións establecidas na LPCG.*

Asemade, cómpre lembrar que precisarán de informe vinculante da consellaría competente en materia de patrimonio cultural todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, segundo recolle o artigo 34 da LPCG.

### 2.3. Normativa do Catálogo

As Normas de Protección do Catálogo establecen no punto 2 do artigo 6, relativo á protección integral, que "*aplicarase a todo o solo rústico de protección arqueolóxica que vén delimitado nos planos de ordenación e no catálogo de bens patrimoniais como xacementos arqueolóxicos un nivel de protección integral*". A LSG regula no seu artigo 34 o solo rústico de especial protección, no que distingue varias categorías, entre as que se atopa o solo rústico de protección patrimonial (non existe o solo rústico de protección arqueolóxica). A LPCG non clasifica solo, mais o criterio da DXPC é o de clasificar como solo rústico de protección patrimonial unicamente as áreas de protección integral dos xacementos.

Este criterio reitérase no apartado 2.2.2 da Memoria Xustificativa, que establece que "*o PBM clasifica como solo rústico de protección patrimonial os terreos correspondentes á delimitación do ben e ó sei contorno de protección en aplicación do disposto no artigo 34.2.h) LSG é no correlativo 49.2.h) RLSG*". Esta determinación non está baseada en ningún criterio da LPCG e, polo tanto, non se xustifica o establecemento dunha medida restritiva como esta de maneira xenérica.

No artigo 8.1 da normativa do Catálogo indícase que "*Tamén, e de forma xenérica, os elementos incluídos nos contornos de protección dos elementos catalogados gozarán dunha protección ambiental, previndo así normativamente as medidas necesarias para a protección tipolóxica, morfolóxica, conservación, recuperación ou aproveitamento do patrimonio*." Igualmente, no artigo 9.1 insístese en que "*Os elementos incluídos nos contornos de protección dos elementos catalogados gozarán, de forma xenérica, dunha protección ambiental [...]*".

Deberanse eliminar as determinacións amentadas, xa que non son acordes ás esixencias establecidas pola LPCG. O contorno de protección non conta con nivel de protección, como establece o artigo 12.2 da LPCG.

A normativa do Catálogo proposta inclúe no seu artigo 9.2 diferentes medidas de harmonización nos contornos de protección. Porén, deberanse incluír na amentada normativa, as esixencias dos artigos 45, 46 e 47 da LPCG.

Para aqueles bens do patrimonio cultural, en particular os bens etnolóxicos, identificados no Título VII da LPCG que non estean recollidos no Catálogo, incluirase un artigo no que se recoñeza o seu valor cultural e a súa protección xenérica por aplicación da LPCG.

### 2.4. A Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra

Dada a especial importancia do BIC Ribeira Sacra, deberase incorporar na Normativa a súa regulación recollida no Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra (DOG núm.

4 Artigo 27 e 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia e Artigo 2 da LPCG



Xacobeo 2021

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: EwquCDbHF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
Fax: 981 544 830



248 do 31.12.2018) ou, cando menos, o réxime de protección establecido para o dito BIC no Anexo VI. *Réxime de protección específico da paisaxe cultural da Ribeira Sacra*[5], que se resume no seguinte:

a. Actuacións sometidas á autorización previa da DXPC:

   Ademais do réxime establecido para os bens clasificados e o seu contorno de protección, no resto do territorio da paisaxe cultural será precisa a autorización da DXPC en:

   1. As intervencións en bens clasificados e no seu contorno de protección.
   2. As novas construcións de edificacións.
   3. As novas infraestruturas e instalacións de carácter definitivo, coas excepcións recollidas no decreto.
   4. A reconstrución de inmobles derruídos.
   5. As intervencións de reestruturación de edificacións existentes non clasificadas.
   6. As obras de ampliación de construcións existentes que superen de por si ou en conxunto coas existentes os 50 $m^2$.
   7. As actuacións que modifiquen a estrutura territorial tradicional e os seus elementos configuradores característicos, en especial muros, valados, peches e camiños.
   8. As actuacións que teñan por obxecto a construción de novos socalcos ou bancais sen muras en ámbitos que carezan deles que superen os 5.000 $m^2$ de superficie, cunha serie de condicións.
   9. As actuacións de socalcamento con terrazas sen muras en pendentes superiores ao 30 % en calquera superficie. A execución de bancais sen muras non será autorizada nos ámbitos en que se acredite a permanencia ou existencia de paredes tradicionais.
   10. A construción de plataformas, vías e accesos no interior dos predios, que serán os mínimos, preferentemente en material de xabre compactado ou formigóns con areas pardas e de largos limitados.
   11. As intervencións de integración ambiental de socalcos e edificacións existentes non tradicionais, así como os materiais apropiados para a súa mellora.
   12. A instalación de medios de sinalización de carácter turístico ou interpretativo do patrimonio cultural, así como as instalacións destinadas a este obxecto, nomeadamente os miradoiros, aparcadoiros, mobiliario público, paneis e outros que se localicen no ámbito da paisaxe cultural.

b. Actuacións que non requiren autorización previa da DXPC na paisaxe cultural, son as que supoñan o normal desenvolvemento da actividade agrícola e de mantemento das infraestruturas e construcións existentes. Estas últimas recóllense na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento [6](DOG núm. 231 do 05.12.2017).

c. Condicións adicionais para as novas construcións nos ámbitos de muras e socalcos tradicionais da paisaxe cultural: adegas de garda e outras instalacións.

   1. Adegas de garda
   2. Construcións de carácter complementario á explotación
   3. Instalacións
   4. Embarcadoiros e miradoiros

## 3. ORDENACIÓN

O sistema de representación, en especial nos planos de ordenación, deberá ser o máis clara e precisa posible. No tocante á representación do patrimonio cultural, os criterios xerais de representación que se recomendan desde a DXPC son procurar un grafismo claro e sinxelo, evitando as tramas que non aporten información relevante. A planimetría debe representar con claridade a delimitación dos bens do patrimonio cultural e o seu contorno de protección, xunto co código de identificación que se lle teña asignado no Catálogo. Será nas fichas do Catálogo onde se precise a información específica de cada un dos bens.

En relación coa clasificación do solo, cómpre lembrar que segundo os criterios da DXPC, só se deberán clasificar como solo rústico de protección patrimonial a zona de protección integral dos xacementos arqueolóxicos localizados en solo rústico; deberá xustificarse a aplicación desta clasificación a outros ámbitos de solo rústico. A superficie de solo clasificada como solo rústico de protección do patrimonio nos planos de ordenación é excesiva: non hai ningunha xustificación para que

5 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181231/AnuncioG0535-281218-0001_gl.html
6 https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171205/AnuncioG0164-161117-0001_gl.html

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021
Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05
CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve
CVE: EwquCDbHF1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Xacobeo 2021

todo o contorno de protección dos bens catalogados sexa clasificado como solo rústico de protección do patrimonio. Deberase modificar este aspecto.

De xeito particular, cando un xacemento se localice nun núcleo rural ou en solo urbano, a súa área de protección integral terá a clasificación de solo de núcleo rural ou solo urbano, segundo corresponda, e redactarase unha ordenanza específica para esa área que recolla as condicións establecidas no capítulo IV do título VII da LPCG, relativo aos bens que integran o patrimonio arqueolóxico.

En relación á delimitación dos núcleos rurais, no concello de San Xoán de Río hai aprobada a delimitación de solo de núcleo rural de Mouruás, na parroquia de San Xoán de Río. Cómpre lembrar que, toda vez aprobado o PBA, terá validez a nova delimitación sobre a aprobada pola resolución do 28 de maio de 2007 da Dirección Xeral de Urbanismo.

Na serie de planos de ordenación do AMAP, modifícanse as aliñacións existentes dentro dos núcleos. Este aspecto é especialmente importante dentro dos núcleos rurais tradicionais, posto que desvirtúa a súa estrutura orixinal. Ademais de corrixir as aliñacións propostas, deberanse representar correctamente os bens do patrimonio cultural e o seu contorno de protección, de xeito que se poida comprobar que non quedan fóra de ordenación

No tocante á delimitación do solo de núcleo rural tradicional (en diante NRT), deberanse ter en consideración as seguintes determinacións co fin de manter a súa morfoloxía e estrutura orixinais:

- Deberán potenciarse e consolidarse as áreas vacantes do interior do núcleo, así como evitar un crecemento excesivo que non garde proporción coas necesidades da poboación.
- A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes.
- Xustificarase a necesidade de crecemento no caso de inclusión de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado.
- En canto á vía que lle sirva de soporte, deberá ter unha traza orgánica, tradicional, adaptada á topografía, non reticular ou que indique un trazado actual. Este tipo de trazado só se aceptará como prolongación ou crecemento lóxico e coherente coa vía armazón tradicional do núcleo orixinario.
- Deberanse manter as aliñacións tradicionais, respectando en todo caso os peches e construcións tradicionais para que non queden en situación de perigo ou desprotección.

## CONCLUSIÓNS

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións no *Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río.*

Unha vez aprobado inicialmente o plan básico municipal, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua
(asinado dixitalmente á marxe)

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:31:05

**CVE:** PMmtvzBTy1
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

**CVE:** EwquCDbHF1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve



Xacobeo 2021

XP

| | | | |
|---|---|---|---|
| **ASUNTO** | **INFORME DENTRO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA** | **CLAVE** | PU-OU-002-20 |
| **PROXECTO** | PLAN BÁSICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN XOAN DE RIO | | |
| **ESPAZO NATURAL** | PAISAXE PROTEXIDA DO VAL DO RÍO NAVEA | | |
| **CONCA FLUVIAL** | RÍO NAVEA | | |
| **CONCELLO** | SAN XOAN DE RIO | **PROVINCIA** | OURENSE |
| **SOLICITANTE** | D.X.C.A.C.C. | **Ref.:** | 2020AAE2466 |
| **PROMOTOR** | CONCELLO DE SAN XOAN DE RIO | **Ref.:** | |

## I. Antecedentes administrativos

Mediante oficio do 22/07/2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DXCACC) tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, un escrito onde solicitan o traslado das observacións e suxestións que, no ámbito das competencias e intereses propios desta dirección xeral se estimen convenientes, de conformidade co establecido no artigo 64.2.b da lei 2/2016, do Solo de Galicia e dentro do trámite de consultas previas.

A documentación aportada é a seguinte:

- “Plan básico municipal do concello do San Xoán de Río”.

Na súa elaboración tívose en consideración a información achegada coa solicitude remitida, así como as observacións formuladas polo Servizo Provincial do Patrimonio Natural de Ourense, no documento subscrito o 16/09/2020.

## II. Resumo da documentación

O Plan básico municipal (PBM) abrangue todo o concello de San Xoan de Río e constitúe un instrumento non propositivo, que delimita os asentamentos de poboación xa existentes e recolle as afeccións derivadas dos instrumentos de ordenación territorial e das normativas sectoriais co fin de formalizar as esixencias da normativa urbanística, a través dunha regulación básica.

Ten por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e a categorización do solo rústico e contén as seguintes determinacións:

a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes.
b) Delimitación e categorización do solo rústico.
c) Trazado da rede viaria pública existente e sinalización de aliñacións.
d) Ordenanzas de edificación e usos do solo.



Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: DRGrkuEFY4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Xacobeo 2021

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

## III. Análise da documentación

Examinada a documentación recibida, realízase a seguinte análise:

1. No concello de San Xoán de Río localízase parte da Paisaxe Protexida do Val do río Návea, séndolle de aplicación a Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.
2. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningún área protexida por instrumentos internacionais (Lei 5/2019, do 2 de agosto e Lei 42/2007, do 13 de decembro).
3. Revisado o Inventario de humidais de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia obsérvase que, o desenvolvemento do PBM, inclúe terreos das seguintes zonas húmidas:

| Código | Superficie (ha) | Tipoloxía | Nome |
|---|---|---|---|
| 1130003 | 31,2 | Áreas de almacenamento de auga | Encoro das Guistolas |

4. A metade leste e o extremo noroeste do concello, inclúense dentro das a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou Zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
5. A partir da información dispoñible constátase que, no ámbito do PBM, se localizan as bacías do Návea e do seu afluente Cabanas e outras canles de orde inferior.
6. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*):

| COD. UE. | PRIORITARIO (SI/NON) | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|
| 3260 | NON | Ríos de pisos de chaira a montano |
| 4020* | SI | Uceiras humidas atlánticas de E ciliaris e E tetralix |
| 4030 | NON | Uceiras secas europeas |
| 4090 | NON | Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo |
| 8230 | NON | Rochedos silíceos con vexetación pioneira |
| 91E0* | SI | Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* |
| 9230 | NON | Robledais galaico-portugueses de Q. Robur e Q. pyrenaica |
| 9260 | NON | Bosques de Castanea sativa |

CVE: DRGrkuEFY4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve



Xacobeo 2021

Adicionalmente, unha vez revisados os hábitats naturais de interese comunitario asociados aos anteditos espazos naturais protexidos, segundo a información empregada na elaboración do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia constatouse que, no ámbito do PBM, existen varias teselas onde se inclúen os seguintes hábitats naturais de interese comunitario e/ou prioritarios (*):

| COD. UE. | PRIORITARIO (SI/NON) | DENOMINACIÓN |
|---|---|---|
| 3260 | NON | Ríos dos pisos basal a montano |
| 3270 | NON | Ríos de ribeiras lamacentas |
| 4020* | SI | Uceiras humidas atlánticas de *E ciliaris* e *E tetralix* |
| 4030 | NON | Uceiras secas europeas |
| 6220* | SI | Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea |
| 6410 | NON | Prados con Molinia |
| 6430 | NON | Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira |
| 6510 | NON | Prados de sega de baixa altitude |
| 8230 | NON | Rochedos silíceos con vexetación pioneira |
| 6520 | NON | Prados de sega de montaña |
| 8220 | NON | Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica |
| 8230 | NON | Rochedos silíceos con vexetación pioneira |
| 9230 | NON | Carballeiras Galaico-Portuguesas de *Q. Robur* e *Q. pyrenaica* |

7. No ámbito do PBM non están presentes nin árbores nin formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de árbores senlleiras.

8. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a/as cuadrícula/s na/s que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TPG38, 29TPG39, 29TPG48 e 29TPG49), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

**A) Flora**

| Especie | CGEA |
|---|---|
| *Spiranthes aestivalis* | V |
| *Galium teres* | V |
| *Silene marizii* | V |
| *Arabis juressi* | V |

**B) Fauna**

| Especie | CGEA |
|---|---|
| **INVERTEBRADOS** | |
| *Geomalacus maculosus* | **V** |
| **PEIXES** | |
| *Alosa alosa* | **V** |
| *Gasterosteus gymnurus* | **V** |
| *Petromyzon marinus* | **V(3)** |
| **ANFIBIOS** | |
| *Chioglossa lusitanica* | **V** |
| *Rana iberica* | **V** |
| *Hyla arborea* | **V** |
| *Lissotriton boscai* | **V(2)** |
| *Salamandra salamandra* | **V(2)** |
| *Discoglossus galganoi* | **V(2)** |



Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: DRGrkuEfY4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

| | |
|---|---|
| **RÉPTILES** | |
| *Emys orbicularis* | **E** |
| *Iberolacerta monticola* | **V(4)** |
| *Anguis fragilis* | **V(2)** |
| *Timon lepidus* | **V(2)** |
| *Rhinechis scalaris* | **V(2)** |
| *Natrix natrix* | **V(2)** |
| *Natrix maura* | **V(2)** |
| **AVES** | |
| *Milvus milvus* | **E** |
| *Aquila chrysaetos* | **E** |
| *Anas crecca* | **E(1)** |
| *Gallinago gallinago* | **E(1)** |
| *Vanellus vanellus* | **E(1)** |
| *Luscinia svecica* | **V** |
| *Perdix perdix* | **V** |
| *Circus cyaneus* | **V** |
| *Circus pygargus* | **V** |
| *Himantopus himantopus* | **V** |
| *Hieraaetus fasciatus* | **V** |
| *Scolopax rusticola* | **V(1)** |
| **MAMÍFEROS** | |
| *Galemys pyrenaicus* | **V** |
| *Rhinolophus ferrumequinum* | **V** |
| *Rhinolophus hipposideros* | **V** |

*(E) En Perigo de Extinción (V) Vulnerable (1) Poboación nidificante (2) Poboacións insulares (3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro:dende Cabo Ortegal ata as Illas Sisargas, Cantábrico: de Cabo Ortegal ata o Eo, incluído. (4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense. (5) spp. Schoeniculus*

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise.

Respecto a *Vanellus vanellus* sinalar que, segundo o Atlas de aves reproductoras publicado polo MITECO en 2003, non é previsible atopar parellas nidificantes nesta zona.

9. O PBM está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación do sapoconcho (*Emys orbicularis L.*) en Galicia, aprobado polo Decreto 70/2013, do 25 de abril. A actuación proxectada sitúase na área de distribución potencial desta especie. Neste senso, terase en conta o exposto no artigo 6 do decreto referido:

> *Artigo 6. Área de distribución potencial*
>
> *1. A área de distribución potencial defínese como a área que polas súas características naturais e estado de conservación reúne condicións como hábitat da especie. Forman tamén parte desta área de distribución potencial as áreas identificadas e verificadas como zonas de conexión entre os actuais núcleos de poboación.*
>
> *2. No presente plan inclúense na área de distribución potencial as masas de auga lénticas e humidais, así como as súas correspondentes zonas de policía de 100 m de anchura en cada lado, das zonas sinaladas no anexo II."*

10. A zona de aplicación do PBM non se sitúa no ámbito de ningunha das propostas técnicas de zonificación de Plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.



Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

CVE: DRGrkuEFY4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

11. Segundo ás observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense relacionadas cos valores naturais, a metade do concello atópase dentro da delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e disponse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

12. Adicionalmente, trasládanse as puntualizacións realizadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense, respecto do conxunto do proxecto ao obxecto de que, se a DXCACC o estima oportuno, sexan tomadas en consideración:

- Deberán terse en conta outros Plans específicos vixentes neste marco (Plan de ordenación de ríos de Galicia, Catálogo galego de árbores singulares, Plans de conservación de determinadas especies de flora e fauna, etc.) así como os que estean en vigor no momento de desenvolvemento do Plan.
- Presentarase un proxecto detallado de cada unha das actuacións para o seu posterior estudo.
- Non se poderán depositar nin acumular entullos, terras ou materiais das obras en ámbitos non afectados polas mesmas. Neste senso, os acúmulos temporais faranse en zonas de mínima afección ecolóxica e paisaxística.
- Prohíbese calquera tipo de vertidos que podan afectar á calidade das augas.
- Xestionaranse todos os residuos que se xeren en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente.
- No acondicionamento do entorno e en relación coa xardinería, procurarase manter as especies existentes e preferentemente deberase plantar ou sementar especies autóctonas, e en ningún caso especies exóticas invasoras.
- No tocante ás terras sobrantes procedentes dos movementos de terras, primará o seu reemprego ou reciclaxe sendo, a última opción, o depósito controlado que se realizará nos vertedoiros autorizados. Procurarase polo tanto, o reemprego da terra vexetal extraída, para a restauración das zonas degradadas.
- Os restos vexetais que se xeren durante as labores de roza deberán ser xestionados adecuadamente, prevalecendo sempre a súa valoración. No caso de depositalos sobre o terreo, deberán ser triturados e esparexidos homoxeneamente para permitir unha rápida incorporación ao solo.

## IV. Conclusións

Á vista dos antecedentes, da análise da documentación, considérase que **non é previsible que o PBM xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a**



Xacobeo 2021

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

CVE: DRGrkuEFY4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

**biodiversidade**, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se teñan en conta as observacións realizadas polo Servizo provincial, nos apartados 11 e 12 do presente informe, así como as seguintes consideracións:

- Na parte do concello incluída dentro da Paisaxe Protexida, seguiranse as directrices da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.
- En atención ao artigo 84.1 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia e ao artigo 46.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o PBM deberá garantir a conservación das representacións dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE presentes no concello.
- Tendo en conta o establecido pola Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos e pola Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, o PBM verificará que tanto os ríos como a súa vexetación de ribeira, se inclúen nalgunha categoría de solo rústico que garanta a súa protección.
- Nos ámbitos potenciais para *Emys orbicularis*, teranse en conta as determinacións do Decreto 70/2013, do 25 de abril.

A parte das consideracións anteriores, esta Dirección Xeral informará, e de ser o caso autorizará, todas aquelas actuacións que desenvolvan ao presente PBM e que poidan afectar, de forma directa ou indirecta, aos valores naturais descritos no punto III deste informe.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela,

A xefa do Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Xiana Mª Perales Arroyo
Sinatura dixital

Juan Gómez Apesteguía
Sinatura dixital

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:31:05

**CVE:** DRGrkuEfY4
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

**CVE:** PMmtvzBTy1
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve



Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial
Servizo de Montes

Villaamil y Castro, s/n
32071 Ourense
988 386 695
montes.medio-rural.ourense@xunta.gal

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

Asinado por: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
Cargo: Direccion Xeral de Urbanismo
Data e hora: 03/03/2021 13:31:05

INFORME SOBRE O "PLAN BASICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO (OURENSE)"

C03.02352

Promotor: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2020AAE2466

Código web: 2328/2020

## 1. ANTECEDENTES:

Con data 28 de xullo de 2020 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural remite o plan de referencia, para informe de acordo coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia a cal establece que, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas.

## 2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
- Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais y administrativas
- Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei de montes veciñais en man común de Galicia.Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CVE: iQx5omv6q5
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CVE: PMmtvzBTy1
Verificación: https://sede.xunta.es/cve

Xacobeo 2021

Villaamil y Castro, s/n
32071 Ourense
988 386 695
montes.medio-rural.ourense@xunta.gal



Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

## 3. DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE E VALORES FORESTAIS

### a. Descrición da actividade

O Concello do San Xoán de Río non conta con figura de planeamento xeral, nin con planeamento de desenvolvemento polo que se elabora o presente plan.

No Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río, os terreos afectados abarcan a totalidade da superficie do concello á que se atribúen diferentes clasificacións de solos

### b. Descrición dos valores forestais afectados

Non se afectan montes de utilidade pública nin montes protectores.

Existe un montes veciñal en man común que totalizan unha superficie de 280 ha a comunidade propietaria está constituída polos veciños da parroquia de Cabanas, sendo a restante superficie forestal do concello privada particular.

Compre lembrar, ante a posibilidade de edificar en parcelas próximas a masas forestais existentes, e considerando as distancias que se deben gardar segundo o contemplado no anexo II da Lei 7/2012 de montes de Galicia, modificada pola Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais y administrativas, que non deberá supor unha carga para os terreos forestais lindeiros con estas parcelas.

De igual xeito a cualificación do solo establecida polo plan  en terreos forestais ou limítrofes, non debera condicionar o aproveitamento forestal tradicional.

## 4. CONCLUSIÓN

En base ao anterior, por parte de este servizo **informase favorablemente** o Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río, desde as competencias relacionadas co interese ou valor forestal dos montes, sen prexuízo dos informes que correspondan a outros organismos

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:31:05

**CVE:** PMmtvzBTy1
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

**CVE:** iQx5omv6q5
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial
Servizo de Montes

Villaamil y Castro, s/n
32071 Ourense
988 386 695
montes.medio-rural.ourense@xunta.gal

galicia

en virtude das súas competencias e sempre que se cumpra o establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, modificada pola Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais y administrativas e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola anterior e a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

En Ourense na data da sinatura.

O xefe do servizo de montes

Antonio Gómez Pacios

Asinado dixitalmente

Documento aprobado inicialmente por resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 01.03.2021

**Asinado por:** DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
**Cargo:** Direccion Xeral de Urbanismo
**Data e hora:** 03/03/2021 13:31:05

**CVE:** iQx5omv6q5
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

**CVE:** PMmtvzBTy1
**Verificación:** https://sede.xunta.es/cve

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Ourense

Rúa Florentino López Cuevillas, 4-6 baixo
32003 Ourense
Servizo de Infraestruturas Agrarias
Teléfono: 988 386 489 - 988 386 488
infraestruturas.rural.ourense@xunta.gal

galicia

**INFORME SOBRE PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA**

Solicitante: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Promotor: Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo

Nome do plan: Plan básico municipal do concello de San Xoán de Río.

O 27 de xullo de 2020 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remite un escrito do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas sobre un procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

O obxecto da solicitude é dar cumprimento ao establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia que establece que o órgano ambiental antes de elaborar o informe ambiental estratéxico debe someter o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas.

O ámbito do plan non está afectado por concentración parcelaria.

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora de estrutura territorial agraria de Galicia, normativa que actualmente regula os procedementos de reorganización da propiedade, establece como un dos seus obxectivos principais "*mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias de Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no rural para facer rendible a actividade produtiva*".

De acordo co indicado **INFORMO:**

